

Parlamento e Federación Down Galicia colaborarán na integración das persoas con discapacidade intelectual

- **O documento senta as bases para a colaboración futura, especialmente no ámbito da formación e integración laboral**

Santiago, 9 de abril de 2018.- O Parlamento de Galicia e a Federación Down Galicia colaborarán na realización de actividades de asesoramento e apoio na integración laboral de persoas con discapacidade intelectual na Administración da Cámara galega.

Os presidentes do Parlamento, Miguel Ángel Santalices Vieira, e da Federación Down Galicia, Delmiro Prieto González, asinaron este mediodía un convenio de colaboración que se enmarca no compromiso do Lexislativo galego coa integración das persoas con Síndrome de Down en todos os planos, incluído o laboral.

Ao abeiro do documento de colaboración rubricado hoxe, Parlamento e Down Galicia poderán desenvolver no futuro actividades no ámbito da formación, como cursos específicos, apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva a un posto de traballo, seguimento da actividade laboral e realización de seminarios prácticos orientados ao intercambio de experiencias para o persoal que realiza funcións de referencia no ámbito laboral deste colectivo.

O Parlamento de Galicia convocou recentemente unha praza de uxiar reservada para persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual. Ademais, unha das oito bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, no actual exercicio de 2018, está reservada para persoas con discapacidade intelectual.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.